

Nome:

Data:



COMPRESIÓN  
GALEGO 2

19

## A BRUXA E O RATO LILIÑO

Liliño era un rato moi preguiceiro. Non pegaba golpe. Só quería comer o queixo que lle daba a bruxa. Pasaba o día durmindo e cantando. Vaia vida!

1.- Como era o rato Liliño?


2.- Que quería comer só?

3.- Quen lle daba o queixo?

4.- Como pasaba o día?

Nome:

Data:



COMPRESIÓN  
GALEGO 2

20

## A BALEA

A balea pesaba catrocentos quilos. Viaxaba polo mar Cantábrico buscando comida e comía moito, tanto comía que nunha semana engordou noventa quilos.

1.- *Canto pesaba a balea?*

2.- *Por onde viaxaba?*


3.- *Que andaba buscando polo mar Cantábrico?*

4.- *Canto engordou durante unha semana?*

Nome:

Data:

COMPRESIÓN  
GALEGO 2

21

MIRA QUEN  
BAILA!

No colexio fixeron un festival de baile. Presentáronse catrocentos trinta e nove participantes. Todos bailaron moi ben, pero o premio foi para Claudia, a de O Esto.

1.- *Que fixeron no colexio?*

2.- *Cantos participantes se presentaron?*

3.- *Como bailaron os participantes?*

4.- *De onde era Claudia, a gañadora?*